



BANDO DE ALCALDÍA

FRANCISCO CAJOTO CASERÍO, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ,

FAGO SABER:

Ante a incidencia do COVID-19 (coronavirus) e unha vez analizadas as recomendacións e as decisións adoptadas polo Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática no Real Decreto 463/2020, no que se procede á suspensión dos prazos procesais e prazos administrativos nas súas disposicións adicionais segunda e terceira, e durante 14 días naturais, desde o 16 ata o 30 de marzo ambos inclusive:

- Procederáse ao peche de todos os edificios administrativos. Todos os trámites deberán facerse vía telemática / telefónica. Só en casos moi xustificadas e con cita previa segundo a valoración do técnico, se poderá atender a unha soa persoa por quenda.

Os datos de contacto son:

Oficinas xerais: 982.140.027

Rexistro por sede electrónica: <https://concellodefoz.sedelectronica.es>

Servizos Sociais: 982.133.566

Medio Ambiente: 982.133.159

RadioFoz: 982.141.777

- Apelar á responsabilidade da cidadanía para respectar as indicacións do Estado de Alarma recollidas no Real Decreto 463/2020. Recórdase que os movementos da poboación están limitados para prever a expansión do virus COVID-19 e só se permiten as excepcións recollidas no Real Decreto.
- Recordar que o teléfono de atención sanitario para todo o relacionado co coronavirus é o 900.400.116. Só en casos de urxencia se deberán comunicar a través do 061 e non acudir aos centros de saúde.
- Desde o Concello de Foz queremos agradecer a todos aqueles que cumpren escrupulosamente co confinamento nas súas vivendas, xa que o esforzo individual terá como resultado o ben e a saúde de todas e todos.

Fdo. Francisco Cajoto Caserío

Á data de asino electrónico

